

AGENDA DE OCIO

FESTA MULTICULTURAL
Do CEIP As Mercedes

CEIP As Mercedes.
De 16.30 a 19.30
Organizada pola ANPA para fomentar a convivencia.

PRESENTACIÓN DE ACTAS
Congreso de Cruceiros

Museo de Lugo.
20.00 horas
Editadas pola Asociación de Amigos dos Cruceiros.

PRESENTACIÓN DE LIBRO
«El hombre perplejo»

Sargadelos. 20.00 horas
Publicación de Joaquín Antuña sobre «creatividade para a paz».

CONCERTO
Clave de Fado

Casa do Saber.
20.30 horas
A actuación musical pechará o ciclo Lubicán 2015.

NOITES DE LUGAUTO
Murajazz

Deputación. 20.30 horas
O grupo lucense ofrecerá un concerto nos xardíns.

TEATRO
«Cámping gas»

Rábade. Centro social. 20.30 horas
Representación a cargo do grupo Os Trocos, de Castro de Rei.

CRÓNICA NOVO PROXECTO DA REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO

Os charnegos: de emigrantes sen arraigo, a lucenses que enriqueceron Cataluña

Colectivos, cidadáns e museos como o Marítim e o Etnològic de Barcelona ou o de Hospitalet colaborarán na iniciativa social

LUCÍA REY
LUGO / LA VOZ

En Cataluña, a palabra «charnego» serve para definir aos inmigrantes doutras rexións españolas de fala non catalá, e durante décadas foi utilizada de xeito despectivo, como sinónimo de pobre, ignorante ou desarraigado. Poñer en valor aos lucenses que un día deixaron atrás a familia, a casa, o pobo, pecharon a maleta e subiron ao tren buscando un futuro mellor en Barcelona, Hospitalet, Badalona ou Mataró é un dos obxectivos da nova edición do proxecto Culturas en Diálogo da Rede Museística Provincial. Unirá Lugo con Cataluña, Cataluña con Lugo. «Moitas veces escoítanse comentarios peyorativos e é necesario dignificar esa relación», destaca a xerente da Rede, Encarna Lago. Ela viviu en primeira persoa eses fenómenos migratorios que deixaron a milleiros de lucenses «en terra de ninguén», xa que alí son considerados «galegos» e aquí «cataláns». «Trátase de fomentar a identidade e o sentimento de pertenza á comunidade des-



«Queremos facer algo para que a nosa xente que emigrou, e que enriqueceu Cataluña, sinta que forma parte do noso patrimonio»

Encarna Lago
Xerente de Rede Museística de Lugo

de un punto de vista inclusivo e social», subliña Lago.

Nos catro museos lucenses

A iniciativa desenvolverase ao longo dos próximos meses nos catro museos da rede (Lugo, Tor, Narla e San Cibrao), e nela participarán activamente asociacións, cidadáns e institucións variadas das dúas comunidades autóno-

mas. É o caso do Museo Marítim e o Museo Etnològic de Barcelona, ou o Museo de L'Hospitalet, unha cidade que acolle a moitos emigrantes galegos.

Foros, mesas redondas, actividades musicais e teatrais, ou a iniciativa «Cartas Faladas, historias de aquí e acolá», permitirán recuperar historias humanas e intercambiar experiencias que «alentarán o diálogo intercultural», como subliña Lago, nun momento histórico no que correntes políticas relacionadas co independentismo e o separatismo fomentan a división social e cultural. «Incidiremos nas diferentes pontes de diálogo», engade a xerente da rede, que destaca as achegas que fixeron os lucenses á cultura catalá e viceversa. «E non só no ámbito folclórico e gastronómico», relata.

O proxecto combinará a investigación coas iniciativas didácticas e a difusión a través das novas tecnoloxías, e nel os participantes terán a oportunidade de explicar «como é Cataluña agora e como era antes ou como é Lugo agora e como era daquela, cando emigraron».

Os diálogos culturais ampliáanse a Brasil, Colombia ou República Dominicana

LUGO / LA VOZ

O proxecto Culturas en Diálogo da Rede Museística ampliará o seu radio xeográfico a México, Uruguai, Brasil, República Dominicana, Colombia, Perú, Marrocos e Cataluña. A iniciativa foi presentada onte polo delegado da área de Cultura da Deputación, Mario Outeiro; a xerente da Rede, Encarna Otero; a directora do Museo, Aurelia Balseiro, e representantes do tecido social. Durante os vindeiros meses os participantes desenvolverán actividades de investigación, didácticas e de difusión para visibilizar a existencia das distintas colectividades e os nexos entre elas. Un dos proxectos máis ambiciosos é «Dominicanas», que poñerá o foco nas mulleres dominicanas que viven na provincia de Lugo co obxectivo de «desestigmatizar a ollada social maiormente turbada polos pre-

xuizos», e relacionada sobre todo coa prostitución. Tratará de mostrar «como viven en Lugo as familias que deixaron o trópico, as paisaxes de postal, as comidas

Algunhas iniciativas buscan superar estigmas e prexuízos relacionados coa prostitución

cargadas de sabores exóticos das que terras nas que Cristóbal Colón e os seus puxeran o pé hai catro séculos, e que simbolizaron o comezo dunha nova historia», subliñaron. Haberá encontros, entrevistas ou un álbum. A rede poñerá en valor obras de artistas uruguaios, ademais de organizar obradoiros e «dar voz a uruguaios en Lugo e lucenses que

Uruguai». Ademais, o 14 de xullo organizarán no auditorio Gustavo Freire un Festival Mural Folk no que intervirán os grupos Cantigas e Flores, de Lugo; Sentido Sur de Uruguai, T-ta Paramadina, de Indonesia, xunto co músico arxentino Juan Carlos Camba. As mulleres marroquíes terán o seu espazo, e impartirán, entre outros, talleres de hena natural nos catro museos lucenses para celebrar a «alegría do verán».

Novo recoñecemento da UE

O labor da rede museística lucense co tecido asociativo, a sociedade civil e as institucións fixo que a Unión Europea a convidase a un encontro que se celebrará en Barcelona do 30 de xuño ao 2 de xullo para difundir as súas «boas prácticas» no foro «Negociando a participación cultural de los Migrantes», organizada pola Fundación Interarts.



Pinturas REGUEIRO

Pinturas en general
• Andamiaje europeo propio
• Impermeabilización y limpieza de fachadas y terrazas
• Canalones y cubiertas
• Fachadas ventiladas
• Diseño de fachadas
• Aislante térmico-acústico

REFORMAS INTEGRALES EN COMUNIDADES
www.pinturasregueiro.com
pinturasregueiro@gmail.com
982 963 695 - 982 214 414 - 610 056 403

C/ San Esteban, 2 Baralla
C/ Ramón Piñeiro, 2 - 3º F Lugo

Rúa Castelaio 51
bajo - 27001 LUGO
Tel.: 982 22 26 04
Fax: 982 10 98 86

traseira
interiores

**DISEÑO DE INTERIORES
COCINAS-BAÑOS**

En mayo y junio
descuento hasta 20%
en mobiliario de baño

email:
monicatraseria@imarfer.com

24h

SERVICIO AVERÍAS 24 H

- FONTANERÍA • CALEFACCIÓN
- ELECTRICIDAD
- ALBAÑILERÍA
- PINTURA
- PROYECTOS Y DECORACIÓN

LUGO
© 607 227 360 - 689 736 877
maske24h@gmail.es
Reformas Integrales
Mantenimiento a Comunidades

OBRAS Y REFORMAS MURALLA DE REHABILITACIONES H. SANCOSMED

- albañilería
- tabiquería pladur
- fontanería y calefacción
- raspado suelos
- tarimas flotantes
- papeles pintados
- suelos madera y PVC
- aplicación de pinturas
- carpintería metálica
- carpintería madera
- electricidad

Plaza Alicante, 8 - 27004 LUGO
Tel. 982 24 44 08 - Fax 982 23 00 54
muralladerehabilitaciones@hotmail.com

REPARACIONES

Reparaciones y reformas de todo tipo

Fachadas
Terrazas
Aislamientos
Trabajos verticales

Presupuestos sin compromiso
Garantizamos todos nuestros trabajos

Grabador Prieto Nespereira, 11-13 bajo. LUGO
Tels. 982 81 80 92 - 686 93 56 18
xestr@mundo-r.com